

#### Composición de texto 4.- A CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL (principios do liberalismo e diferenzas entre as distintas familias políticas)

O século XIX español arrinca coa Guerra da Independencia (1808-14) e o reinado de Fernando VII (1814-33). Neste primeiro terzo do XIX prodúcese á fractura das estruturas do Antigo Réxime e danse os primeiros pasos de asentamento dun modelo liberal que, no caso español, ten como referente lexislativo a obra das Cortes de Cádiz (1810-13).

**PRINCIPIOS DO LIBERALISMO.** O liberalismo é unha ideoloxía que se desenvolve desde finais do XVIII, a partir dos ilustrados franceses (Montesquieu, Rousseau etc.) e do parlamentarismo inglés. É a **ideoloxía da burguesía** e defende un sistema político baseado na liberdade. Os principais trazos políticos do liberalismo son:

- O **recoñecemento duns dereitos individuais inalienables**, consubstanciais á natureza humana: vida, liberdade, igualdade ante a lei, seguridade e propiedade. O recoñecemento destes dereitos é o que converte ós homes en cidadáns.

- **Soberanía nacional** ou **soberanía popular**. O poder máximo reside na nación ou no pobo. Os cidadáns manifestan a soberanía a través do sufraxio (voto). Na soberanía nacional o **sufraxio** é **censatario** (limitado ós varóns maiores de idade e con certo nivel de renda), na soberanía popular o **sufraxio** é **universal masculino** (esténdese a todos os varóns maiores de idade) – o sufraxio universal íntegro, que outorga o dereito de voto ás mulleres, non se conseguirá ata 1931 e non se exercerá ata 1933 –. As Cortes, para os progresistas, ou as Cortes co rei (soberanía compartida), para os moderados, son as depositarias da soberanía.

- **Separación ou división de poderes**. Seguindo as teorías de Locke e sobre todo de Montesquieu, para evitar o abuso de poder dunha persoa ou dun grupo, os poderes do Estado deben estar divididos e recaer en distintas institucións. O **poder lexislativo** (debater e aprobar as leis) corresponde ó Parlamento ou Cortes, compostas polos representantes da soberanía. As Cortes poden ser unicamerais, seguindo o modelo francés, ou bicamerais, segundo o modelo inglés. Se son bicamerais existe unha Cámara Baixa ou Congreso, de elección popular, e unha Cámara Alta ou Senado, na que o rei intervéñ elixindo a senadores dunha terna (opción defendida polos progresistas) ou nomeándoos directamente (opción moderada), e que se reserva ás persoas de maior idade e riqueza. O **poder executivo** (o goberno) corresponde ó rei, que na opción moderada conserva amplos poderes, e ós ministros nomeados e depostos por el e responsables da súa actuación ante as Cortes. O **poder xudicial** (castigar o incumprimento das leis) recae nos xuíces e tribunais.

- Existencia dunha **Constitución** que recolle os dereitos dos cidadáns, a forma do Estado, as institucións (composición, funcións), a soberanía e o sufraxio, etc.

**DIFERENZAS ENTRE AS DISTINTAS FAMILIAS POLÍTICAS.** Dentro do liberalismo diferéncianse **dúas posturas**, a moderada ou doutrinaria e a progresista.

1) Os **liberais moderados ou doutrinarios**. Maioritarios entre a alta burguesía (industriais e financeiros), a aristocracia latifundista e clases medias enriquecidas coas desamortizacións. Defenden a soberanía compartida entre o rei e as Cortes, de forma que o rei fose o árbitro da vida política con capacidade para vetar as leis aprobadas polas cámaras ou para impedir o acceso dun partido político ó poder; un sufraxio censatario moi restrinxido que garantise que os votantes fosen dun mesmo nivel social; uns dereitos e liberdades limitados; o proteccionismo económico e os impostos indirectos; unha organización centralista do Estado que recortase a autonomía dos concellos e das deputacións; a creación de corpos policiais militarizados, como a Garda Civil (creada polo duque de Ahumada en 1844), para garantir a orde; o catolicismo do Estado, co mantemento do poder eclesiástico e dunha ensinanza en mans da Igrexa... Entre os líderes moderados, tamén chamados “**doceanistas**” no Trienio Liberal, están Argüelles, Martínez de la Rosa, o xeneral Narváez, Bravo Murillo... Ós moderados deberase a Constitución de 1845, vixente, agás no bienio 1854-56, ata a revolución de 1868 que destrona a Isabel II.

Na Década Moderada do reinado de Isabel II os moderados van fraccionarse en tres grupos:

- Os **puritanos**, de posicións máis centristas, que acabarán conformando a **Unión Liberal**, creada e liderada por O'Donnell no Bienio Progresista e por Serrano durante o Sexenio Democrático.
- Os **moderados**, liderados por Narváez durante o reinado de Isabel II. No Sexenio Democrático constituirán o grupo dos **alfonsinos**, capitaneado por Cánovas. Na Restauración formarán o **Partido Liberal Conservador**, con Cánovas como líder, e a partir de 1884 simplemente **Partido Conservador**, dirixido por Cánovas, Silvela, Maura, De la Cierva e Dato.
- Os **autoritarios**, de posicións ultraconservadoras e modos ditatoriais. O seu líder foi Bravo Murillo.

2) Os **liberais progresistas**. Maioritarios entre a baixa burguesía, artesáns, modestos comerciantes, militares de baixa gradación, profesionais liberais, profesorado... Teñen unha base social máis ampla, pero o sistema electoral non lles favorece. Defenden a soberanía nacional; a supremacía das Cortes sobre o rei e as limitacións do poder da Coroa (o rei só podería convocar e disolver as Cortes); o sufraxio censatario, pero cunha esixencia de renda máis baixa, aínda así só o 4,3% dos varóns podían votar (o sufraxio universal masculino non se conseguirá ata a Constitución de 1869 e o das mulleres ata a da II República); un Estado máis descentralizado con autonomía dos concellos (alcaldes e concelleiros electos); uns dereitos e liberdades máis amplos; o librecambismo económico e a abolición dos impostos de consumos; a liberdade de cultos; limitacións ó poder da Igrexa; ensino público... Entre os progresistas, tamén coñecidos como “vinteanistas” no Trienio Liberal, destacan Mendizábal, Espartero, Olózaga, Madoz ou o xeneral Prim. Tiveron sempre en contra á monarquía e para acceder ó poder recorreron ós pronunciamentos. Foron moderando as súas reivindicacións, pero é ós gobernos liberais progresistas ós que se debe o maior labor lexislativo: desamortizacións, lei de ferrocarrís...

Os progresistas tamén sofren escisións:

- O sector máis conservador acaba integrándose na Unión Liberal de O'Donnell.
- Os **progresistas**, liderados por Espartero e, no Sexenio Democrático, por Prim, van converterse durante a Restauración no **Partido Constitucional**, logo **Partido Liberal Fusionista**, liderado por Sagasta, e máis tarde no **Partido Liberal**, con máximos dirixentes en Canalejas, Alba, García Prieto e Romanones.
- Os **demócratas**, de conviccións máis esquerdistas ou radicais, escíndense no 1849 pero o Partido Demócrata foi clandestino durante a maior parte do reinado de Isabel II. Ata os anos 60 o número de seguidores é moi pequeno, pero a partir de 1863 aumentan os seus partidarios e vai formar parte dos acordos progresistas e militares para derrocar a Isabel II (no Pacto de Ostende de 1866 está representado por Cristino Martos). Entre os seu afiliados están Rivero, Castelar, Figueras... O **Partido Demócrata** constitúe a primeira expresión do liberalismo democrático en España ó defender: a soberanía popular; o sufraxio universal masculino; a ampliación dos dereitos e liberdades; a aconfesionalidade do Estado; e o papel social do Estado, que debe intervir no ensino, na asistencia social e no sistema fiscal para corrixir as desigualdades dos cidadáns. Na Restauración converterase no **Partido Radical**, liderado por Ruiz Zorrilla, e máis tarde no **Partido Republicano Radical**, encabezado por Lerroux.
- Os **republicanos**, xorden en 1869 como unha escisión dos demócratas. O **Partido Republicano** dividírase na Restauración, uns incorporáranse ó Partido Radical de Ruiz Zorrilla e outros constituirán o **Partido Republicano Federal**, liderado por Pi i Margall.

**A consolidación do modelo liberal producírase ó longo do reinado de Isabel II**, filla do rei Fernando VII. O seu nacemento ocasionou un conflito sucesorio que se vai arrastrar ó longo de todo o século XIX. Ata 1830, o herdeiro ó trono era o irmán do rei, Carlos María Isidro, pero a aprobación da Pragmática Sanción por Fernando VII, abolindo a Lei Sálica imposta por Felipe V, permite ás mulleres o acceso ó trono. O nacemento de Isabel postergou pois os dereitos sucesorios de Carlos María Isidro que cuestionou a lexitimidade da Pragmática. O enfrontamento entre os partidarios de Isabel (isabelinos ou cristinos) e os de Carlos María Isidro (carlistas) ía máis alá dunha cuestión sucesoria, era un enfrontamento ideolóxico. Os carlistas representaban ós sectores máis conservadores e reaccionarios. Eran absolutistas, ultracatólicos, defensores dos privilexios forais de certos territorios... en suma, defensores do Antigo Réxime. O seu lema era “Deus, Patria, Rei e Foros”. Os isabelinos ou cristinos tiveron que apoiarse nos liberais moderados e aceptar unha serie de liberdades económicas, políticas e sociais para que a súa causa triunfase.. O enfrontamento entre ambos bandos provocará as GUERRAS CARLISTAS (a primeira de 1833 a 1840, a segunda de 1846 a 1849 e a terceira de 1872 a 1876).

## REINADO DE ISABEL II (1833-1869)

No **reinado de Isabel II** (1833-1869) distínguense dúas grandes fases: a das rexencias de María Cristina e de Espartero, durante a minoría de idade da raíña, e a do reinado efectivo de Isabel II.

**AS REXENCIAS** (1833-1843). Caracterízanse polo progresivo desmantelamento do Antigo Réxime.

**Rexencia de María Cristina** (1833-40). Para asegurar o trono a súa filla tivo que buscar o apoio dos monárquicos moderados e dos liberais doutrinarios. Co fin de gañarse o apoio dos liberais, decretou unha amnistía que permitiu a volta dos exiliados e aceptou algunhas reformas que non afectaban ó poder da Coroa.

Os primeiros **anos** da rexencia foron **de transición** (1833-35). Os monárquicos reformistas (Cea Bermúdez, Javier de Burgos) e os liberais moderados (Martínez de la Rosa) tiveron que acometer desde o goberno as reformas imprescindibles para pasar dunha monarquía absoluta ó liberalismo nun contexto inestable: guerra carlista, presión dos liberais progresista reclamando reformas radicais e revoltas populares (matanza de frade en Madrid, 1834, incendio da fábrica téxtil de Bonaplata en Barcelona, en 1835). Entre elas destacan:

- A **división provincial** decretada polo goberno de Cea Bermúdez en 1833 e realizada por Javier de Burgos, ministro de Fomento. Con esta organización territorial desaparecen os vellos reinos medievais e créase unha máis centralizada.
- A aprobación do **Estatuto Real de 1834**, unha carta outorgada que consolida unhas Cortes bicamerais: a cámara alta (de Próceres), elixida polo rei/raíña, e a cámara baixa (de Procuradores), elixida por sufraxio moi restrinxido (só podía votar o 0,15% da poboación), con funcións máis consultivas que lexislativas. A soberanía reside na Coroa e non se recolle nin os dereitos cidadáns nin a separación de poderes.
- A posta en marcha de reformas: a liberalización do comercio e da industria; unha tímida liberdade de imprenta (condicionada pola censura previa)...

Os últimos **anos** foron **de ruptura** co Antigo Réxime (1835-1840). Ó longo de 1835 producíronse revoltas e motíns populares incitados polos liberais progresistas ante a lentitude das reformas, a continuidade da guerra carlista... María Cristina tivo que confiar o goberno ós progresistas e designou a tarefa a **Álvarez de Mendizábal**. O novo goberno:

- Suprimiu as ordes eclesiásticas regulares masculinas (agás as que prestasen servizos sociais), polo apoio que prestaban ó carlismo, exclaustrou ós seus membros e expropiou os seus bens. Esta **desamortización dos bens do clero regular** permitiría reducir a débeda pública, sufragar a guerra contra os carlistas e aumentar os adeptos á causa isabelina.
- Estableceu o **servizo militar obrigatorio**. Pero, ante as protestas, aprobou a **redención das quintas** (pago para eximirse do alistamento), o que prexudicou ás xentes máis humildes.

As medidas de Mendizábal crearon desconfianza entre os liberais moderados e na rexente, que o substituíu polo moderado Istúriz. Pero novas protestas dos progresistas e o Motín dos sarxentos de La Granja (agosto do 1836) obrigaron a María Cristina a restablecer a Constitución de 1812, nomear ó progresista **Calatrava** xefe do Goberno e convocar eleccións a Cortes para elaborar unha nova Constitución.

- A **Constitución de 1837**, máis moderada que a de Cádiz co fin de garantir a estabilidade política, defende os principios do liberalismo progresista:
  - Soberanía compartida, pero predominio das Cortes.
  - Cortes bicamerais (Congreso dos Deputados e Senado). Na lei electoral determinárase que os deputados serán elixidos por sufraxio censatario e os senadores serán nomeados pola Coroa entre unha lista tripla por provincia. Funcións lexislativa compartida co rei/raíña.

- A Coroa ostenta o poder executivo e nomea e depón ós ministros, que tiñan que ser aceptados polas Cortes e deben responder das súas actuación no cargo ante o lexislativo. Ten iniciativa lexislativa e convoca, suspende e dissolve as Cortes (pero ten que convocalas en tres meses).
- Elección popular dos Concellos.
- Restablecemento da Milicia Nacional.
- Declaración de dereitos e liberdades individuais (igualdade ante a lei, liberdade de imprenta...)
- Certa tolerancia relixiosa: o Estado non se declara confesional, pero se compromete a manter o culto católico en compensación polas desamortizacións.

A predilección da rexente polos moderados deu a estes o poder entre 1837 e 1840. A paralización do proceso desamortizador e a restrición da autonomía municipal propiciou levantamentos. Para frear as revoltas, a rexente chamou ó goberno a Espartero (prestixioso militar progresista), pero as pretensións de que este compartise a rexencia forzou a renuncia de María Cristina á rexencia.

**Rexencia de Espartero (1840-1843)** Tras a renuncia á rexencia e marcha ó exilio de María Cristina, Espartero implanta un goberno que non contou co apoio dos moderados nin dalgúns sectores progresistas. Neste período:

- Aprobouse a **desamortización dos bens do clero secular**.
- **Suprimíronse os privilexios forais vascos**. No Convenio de Vergara que puxo fin á primeira guerra carlista, recollíase o acordo de respectar os foros sempre que non contraviñesen a unidade de España nin a Constitución, pero a negativa das autoridades vascas a realizar calquera concesión conlevou a suspensión dos privilexios forais. Porén a *Lei paccionada* asinada cos navarros en 1841 permitiu a Navarra conservar parte das súas institucións e particularidades forais, entre elas a autonomía fiscal.
- Asinouse un **acordo de librecambio co Reino Unido** que lesionou os intereses dos industriais téxtiles cataláns. Os motíns barceloneses foron duramente reprimidos (bombardeo de Barcelona, 1842).

A deriva "autoritaria" de Espartero levou, en 1843, ó pronunciamento de Torrejón de Ardoz liderado polo moderado xeneral Narváez, ó exilio de Espartero e á proclamación da maioría de idade de Isabel II (de tan só 13 anos)

**ISABEL II, O REINADO EFECTIVO (1843-1868)** Caracterízase por:

- **Excesiva intervención da Coroa no xogo político**. A Constitución de 1837 e a de 1845 declaran a soberanía compartida e, sobre todo a de 1845, ceden amplos poderes á Coroa, que, na práctica, decide quen goberna. O intervencionismo crecente de Isabel II a favor dos moderados aumentará o seu desprestixio.
- **Falsidade do sistema parlamentario**. Na práctica o primordial é conseguir a confianza da raíña e logo convocar eleccións para gañalas. A exclusión dos progresistas e dos demócratas por parte dos moderados provoca que a opción que lles quede sexa o pronunciamento militar ou a insurrección.
- **Excesivo protagonismo do exército**. Moitos militares, que adquiriran prestixio pola súa actuación nas guerras (de Independencia, Carlistas, das colonias), son vistos como alternativa de goberno e préstanse a participar en política.
- **Fraxilidade dos partidos políticos**, en realidade camarillas cunha ideoloxía máis ou menos próxima que se agrupaban arredor dunha figura destacada. A fragmentación dos partidos aumenta a inestabilidade política con continuas substitucións de goberno.
- **Conservadorismo e autoritarismo da maioría dos gobernos**, que, xunto co incipiente desenvolvemento económico, provoca a aparición da "cuestión social" que leva á división dos progresistas.
- **Construción dun sistema liberal** (uniformidade lexislativa, liberalismo económico, defensa da orde), do gusto da burguesía.

Durante o reinado de Isabel II gobernaron maioritariamente políticos moderados ou ultramoderados (moitos deles espadóns, é dicir, militares de alta gradación metidos a políticos e convertidos el líderes de partido, como Espartero, Narváez, O'Donnell e Serrano), agás en breves períodos de tempo.

Dentro do reinado efectivo de Isabel II diferéncianse as seguintes etapas:

1) **Década Moderada (1844-54)**. Liderada polo moderado xeneral **Narváez** que intenta establecer un goberno oligárquico e un liberalismo doutrinario que prima a orde sobre a liberdade.

- Promulgación da **Constitución de 1845**, que establece:

- Soberanía compartida entre a Coroa e as Cortes.
- Amplos poderes para a Coroa: poder executivo (nomeaba e cesa ós ministros), comparte a soberanía e o poder lexislativo coas Cortes (designa ós senadores, pode convocar, suspender e disolver case sin limitación as Cámaras).
- Sufraxio moi censatario (só o 0,8% da poboación) para a elección de deputados.
- Estado confesional católico.
- Restrición de liberdades individuais e censura de prensa.

- **Redución da autonomía dos concellos**. Os alcaldes das capitais de provincia e das cidades grandes nomeados polo goberno e os das pequenas polo gobernador civil da provincia, e os concelleiros elixidos por sufraxio moi restrinxido.

- **Creación da Garda Civil** (1844), corpo armado con finalidades civís pero con estrutura militar e baixo as ordes do goberno cuxo cometido é manter a orde e reprimir os altercados, sobre todo no medio rural. Substitúe á Milicia Nacional.

- **Reforma tributaria de Mon e Santillán** (1845) reducindo os impostos a dous tipos: directos (contribución territorial e imposto industrial e comercial) e indirectos (hipotecas, aduanas, consumos e especiais, como sobre o tabaco). Prexudicou os grupos populares que viron aumentada a presión fiscal cos impostos indirectos, o que provocou motíns.

- **Concordato** coa Santa Sé (1851). A Igrexa aceptaba as desamortizacións a cambio dunha dotación do Estado para o culto e o clero, o mantemento do catolicismo como relixión oficial e única do Estado, unha ensinanza acorde á doutrina católica e o recoñecemento das autoridades relixiosas para velas polos bos costumes (censura eclesiástica).

- **Implantación do sistema métrico decimal** como único sistema de pesos e medidas.

- Sistema nacional de instrución pública, que regulaba os diferentes niveis educativos: educación elemental, secundaria e universitaria.

Os gobernos moderados foron inestables e actuaron de forma arbitraria e excluín-te. A vida política máis que desenvolverse nas Cortes, xiraba arredor da corte e das camarillas para buscar o favor real. O autoritarismo agudizouse durante o goberno de **Bravo Murillo** (1852), que propuxo unha reforma constitucional que transformaba o Estado nunha ditadura tecnocrática na que se podía gobernar por decreto e suspender definitivamente as Cortes. A proposta fracasou pola oposición dos propios moderados, pero agudizou a súa división interna e aumentou o descontento dos progresistas, que regresan ó poder tras o triunfo do pronunciamento de Vicálvaro (Madrid).

2) **Bienio Progresista** (1854-56). Tras pronunciamentos falidos dos progresistas (Miguel Solís en Galicia), a deriva ultraconservadora incrementou os descontentos entre os progresistas e algúns conservadores que unen as súas forzas no exitoso pronunciamento de Vicálvaro (a Vicalvarada), encabezado polo xeneral O'Donnell. No seu programa, o Manifesto do Manzanares, os sublevados prometían reformar o sistema vixente. Ante estas circunstancias, a raíña nomea a **Espartero** xefe de Goberno e a O'Donnell ministro de Guerra.

No inestable período do Bienio Progresista:

- Elaborouse outro proxecto de carta magna, a **Constitución non nata de 1856** (non se promulgou), que recollía os postulados progresistas: soberanía nacional, sufraxio amplo, restricións á autoridade real...

- **Lei de desamortización xeral** (1855) realizada polo ministro Pascual **Madoz**. Afectaba ós bens das Ordes Militares, das institucións de beneficencia e ás terras comunais dos concellos. Prexudicou ós concellos e, sobre todo, ós campesiños pobres que, desposuídos do uso das terras comunais, viron empeorar as súas xa penosas condicións de vida.

- **Lei de ferrocarrís** (1855) apostando polo novo transporte que favorecería a modernización económica.

- Creación do **Banco de España**.

3) **Alternancia moderados-unionistas e fin do reinado** (1856-68). Os motíns de subsistencias, o malestar social polos impostos de consumos e polas quintas, as primeiras folgas dun incipiente movemento obreiro, a crecente débeda pública que levou ó impago das nóminas a funcionarios e militares, a inestabilidade do goberno e o autoritarismo de Espartero levaron a O'Donnell a dar un novo golpe que apartou ós progresistas do poder.

Entre 1856 e 1866 alteráronse no poder os moderados, presididos principalmente por **Narváez**, e os unionistas, membros da formación política Unión Liberal fundada e dirixida por **O'Donnell** de ideario "centrista" que agrupaba ós moderados máis progresistas e ós progresistas máis conservadores e a un bo número de militares.

A primeira parte do período (1856-63), na que **gobernaron os unionistas de O'Donnell**, foi de **estabilidade política**, alterada por revoltas de xornaleiros no campo andaluz, e de **prosperidade económica** (especulación coas accións ferroviarias na Bolsa). Os trazos deste período son:

- Certa revitalización do parlamentarismo (as eleccións eran amañadas por Gobernación, pero permitíase unha minoría opositora no Congreso para evitar que a súa marxinação incitase a insurreccións).
- Continuación das infraestruturas necesarias para a modernización do país: tendido da rede ferroviaria e construción do Canal de Isabel II.
- Creación dos institutos de ensino medio e do corpo de catedráticos (Lei de Instrución Pública de Claudio Moyano, 1858).
- Activa política exterior (intervencións en Marrocos, México, Indochina, Santo Domingo e no Pacífico) co obxectivo de prestixiar a monarquía no exterior, de espertar a exaltación patriótica no interior e de contentar ós militares.

Entre 1863 e 1868 o goberno estivo en mans dos **moderados de Narváez**, a quen Isabel II lle entregou o poder tras a dimisión de O'Donnell pola falta de apoios dos moderados e da raíña.

Narváez impuxo un **goberno autoritario** que marxinou ás Cortes e a todos os grupos políticos e exerceu unha forte represión sobre os opositores. Os progresistas, co apoio dos demócratas, pasaron á insurrección, que foi castigada con dureza polos moderados de Narváez. A **revolta estudantil da Noite de San Daniel** (1865), en apoio ó reitor da Universidade de Madrid (cesado por non acatar a orde de cese imposta ó profesor Emilio Castelar pola publicación de artigos críticos coa raíña), rematou cunha brutal carga (9 mortos) da Garda Civil e do exército. A **sublevación dos sarxentos do cuartel de San Gil** (1866) acabou con 66 fusilamentos e máis de mil prisioneiros... A situación empeorou coa **recesión económica** da segunda metade dos 60 que afectou á industria, á banca, á bolsa, ó agro... e que xerou malestar entre o sector empresarial, os obreiros e os estudantes.

Amplos sectores políticos (demócratas, progresistas, unionistas) e sociais coinciden en promover un pronunciamento que remate non só con este goberno de formas ditatoriais senón tamén coa permanencia de Isabel II no trono. A desprestixiada raíña, sen o apoio dos falecidos Narváez e O'Donnell, será destronada na Revolución Gloriosa de 1868 coa que se inicia o Sexenio Democrático.